



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 9 de xaneiro de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 2 de xaneiro de 2019.
2. Concédese licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar de planta semisoto e planta baixa en lugar Resille, Marín.
3. Solicítase subvención do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con destino ao financiamento do proxecto denominado "Mellora e renovación do alumeado público exterior da rúa República Argentina", por importe de 48.293,01 euros.
4. Solicítase subvención para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais con destino ao financiamento do proxecto denominado "Instalación de ascensor exterior a Museo Municipal Manuel Torres", da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por importe de 61.219,30 euros.
5. Dáse conta das bases reguladoras de axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da súa convocatoria para o ano 2019.
6. Dáse conta da autorización da Deputación de Pontevedra para a o reinvestimento da baixa xerada no investimento "Humanización da rúa Concepción Arenal entre a rúa Jaime Janer e a rúa Roda", por importe de 13.899,52 euros, con destino ó investimento "Reforma da zona de vestiarios e creación de novo vestiario para árbitros no pavillón da Cañota", con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, achegando o Concello a contía de 2.776,40 euros.
7. Dáse conta da concesión de subvención, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 172.248,57 euros, con destino ó investimento "Renovación de Servizos en rúa do Tombo".
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta das bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
2. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para a dinamización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2019, da Deputación de Pontevedra.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000253E200Y6Y1A9M214B0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	DOCUMENTO 20190152546
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 17/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/01/2019 12:49:35	Fecha: 17/01/2019 Hora: 12:49



ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

3. Dáse conta das bases de subvencións para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e da súa convocatoria para o ano 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - [www.marin.es](http://www.marin.es)

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000253E200Y6Y1A9M214B0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190152546</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 17/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/01/2019 12:49:35	Fecha: 17/01/2019 Hora: 12:49